

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE PRÁCTICUM DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN, XESTIÓN E INNOVACIÓN DE INSTITUCIÓN ESCOLARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Secretaría Xeral Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, e estará vixente no curso escolar 2020/21, e poderá ser prorrogado por cursos escolares sucesivos, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A regulación da colaboración entre a Consellería e a UDC, para a realización do Prácticum do Máster, facilitando o desenvolvemento das iniciativas de dirección, xestión e innovación docente do alumnado nos centros educativos dependentes da Consellería.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:



A vontade da Consellería de fomentar e cooperar na formación inicial e permanente do profesorado que exerza tarefas directivas nos centros escolares dependentes dela sostidos con fondos públicos.

A vontade da UDC de potenciar a realización de actividades formativas, especialización e prácticas en centros educativos dependentes da Consellería, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación das súas persoas tituladas, tendo en conta que imparte un Máster Universitario denominado ‘Dirección, xestión e innovación de institucións escolares’, autorizado por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19/06/2020, que se axusta integramente ao programa verificado pola ACSUG con data 18/05/2020, e que conta cunha fase de Prácticum de 100 horas de estancia do alumnado nos centros durante o segundo cuadrimestre establecido para cada curso pola UDC.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital
José Luis Mira Lema

